

# FOLLAS NOVAS

REVISTA DE ESTUDOS ROSALIANOS

Nº7 - PADRÓN 2022

**Xurxo Martínez González**

## A aparición de Juan Compañel. Breves notas biográficas do editor do Rexurdimento

FUNDACIÓN ROSALÍA DE CASTRO

# A aparición de Juan Compañel

## Breves notas biográficas do editor do Rexurdimento

Xurxo Martínez González

### Introdución

José López de la Vega, un médico humanista nado en Ferrol, publica a crónica do enterro de Francisco Añón<sup>[1]</sup>. Nas páxinas de *Faro de Vigo* detalla que ás seis da tarde do 21 de abril de 1878 era enterrado en Madrid, lonxe da patria, o “abogado de la ilustre Universidad compostelana y uno de los más inspirados defensores de la *verde Erín española*”.

O cronista implicárase dende mozo no Rexurdimento, no cal tería unha até agora descoñecida pero frutífera actividade intelectual. Porque López de la Vega formárase, segundo recorda Waldo Álvarez Insua en *Ecos de mi patria* (1891), na USC de 1841-46 coincidindo con Antolín Faraldo, Vicente Manuel Cociña, Neira de Mosquera e o mesmo Francisco Añón: “ningún poeta gallego le aventajó en la pureza de nuestra idioma, en el gusto descriptivo, la ternura y la sencillez; era realmente el más delicado intérprete de nuestros labradores y gente de mar”.

A ausencia da multitude no sepelio explícase porque “su fallecimiento no se anunció por los periódicos, solo le acompañamos algunos de sus más íntimos amigos”. De entre eles, un cabo do outro, Manuel Murguía e Juan Compañel<sup>[2]</sup>.

A presenza do editor e impresor de *Cantares gallegos* debeu ser casual pois xa marchara a Cuba tras a queda da I República (1873-74). Pero Compañel seguía entrelazado cos proxectos político-culturais do rexionalismo galego (e por rexionalismo

[1] “Don Francisco Añón Paz ha muerto. RIP”, *Faro de Vigo* (27-IV-1878).

[2] Outro dos presentes é Eugenio Montero Ríos, quen o favorecera para traballar no Ministerio de Gracia y Justicia tras vir recomendado por Joaquín Compañel, irmán de Juan.

entendemos a segunda fase do proceso de construción do imaxinario nacional colectivo). En realidade, a relación entre o matrimonio Murguía de Castro e Compañel vén de lonxe e continuaría máis alá da morte da escritora. Pensemos, por outra parte, que tiñan familia en común: a estirpe Chao<sup>[3]</sup>.

Dos Chao e de Compañel escribimos en varias ocasións (Martínez González, 2012; 2014; 2018). Nomes nas marxes do Rexurdimento, por non seren autores de textos literarios, pero nomes imprescindibles para comprender a conformación do campo político-cultural da Galiza decimonónica. E nós, guiados pola luz intelectual de Xan González-Millán (imprescindible o seu *Resistencia cultural e diferencia histórica*), queremos contribuir á súa rehabilitación como axentes de necesaria participación no Rexurdimento.

Con ocasión do descubrimento da foto que puxo faciana a Juan Compañel, atopada nun álbum dos herdeiros de Alejandro Chao grazas á mediación de José Luís Mateo e de quen isto escribe<sup>[4]</sup>, dedicaremos unhas liñas ao máis egregio dos editores e impresores do Rexurdimento.

## A estirpe

A imprenta inundou a vida dos Compañel e os Compañel inundaron a vida da imprenta galega do noso XIX. Coñezamos os motivos.

O patriarca, Francisco Luís Compañel, tiña librería en Compostela dende 1820, sita na praciña de San Xoán. Por tanto situámonos no Trienio Liberal, o cal explica que no seu comercio se vendese prensa como *El Cetro Constitucional* ou *El Heráclito Español y Demócrito Gallego*. Xusto aos tres anos, co fin desta etapa de liberdade, casa con Jacoba Rivas Domínguez.

En 1830 mercou a imprenta de Ramón Temes Gil, sita entre a Praza de Fonseca e a rúa da Raíña. Velaquí o libreiro e impresor. Mais dous anos despois faleceu. Tras de si deixaba catro fillos orfos de pai e a muller preñada<sup>[5]</sup>.

Ante esta situación, a viúva Jacoba Rivas mantén aberto o establecemento tipográfico. Barreiro Fernández e Odriozola (1992: 227) cren que Jacobo Souto exercía as funcións técnicas. Pola súa parte, Varela-Orol (2021: 538-539) considera que foi

- 
- [3] Rosalía e os Chao compartían póla familiar. Benito Hermida era o bisavó paterno de Eduardo e Alejandro Chao, e é un devanceiro de Gregorio Antonio Hermida (descendente de Lebosende, Leiro), quen casaría con María Josefa de Castro, tía materna de Rosalía. Pero ademais o propio Alejandro era o padriño da primoxénita Alejandra Murguía de Castro.
- [4] *Faro de Vigo* recolleu o descubrimento cunha reportaxe de Carolina Sertal sob o título “O rostro revelado de Juan Compañel, editor de *Cantares gallegos*” (19-IV-2022).
- [5] A descendencia compoñiana María del Carmen (1825), Joaquín (1827), Juan (1829), María de la Esclavitud (1830) e a póstuma Peregrina (1833).

sempre Jacoba Rivas quen asumiu a dirección da imprenta. Ambas hipóteses son compatibles pero parécenos obrigado subliñar que a dirección da imprenta a exercía Jacoba, como demostra a investigadora Concha Varela-Orol, porque isto implica traer á superficie a tarefa dunha muller con nome e apelidos, non unha simple “señora de”.

“Vda. e Hijos de Compañel” fixou o enderezo na rúa da Azabachería número 18, onde tiñan tamén a súa residencia. Neste obradoiro saíron notabilísimos xornais do provincialismo político: *El Idólatra de Galicia*, *El Porvenir* e o propio voceiro do goberno do abril de 1846, *La Revolución*. Vemos, pois, como Antolín Faraldo rondaba polas máquinas da imprenta<sup>[6]</sup>. Alén disto, tamén imprimían outras follas voandeiras e libros de distinto tipo (sobre todo relixiosos e de Belas Artes).

No tráxico 1846, tráxico pola derrota e posterior fusilamento dos chamados Mártires de Carral, os Compañel abriron delegación en Ourense. Alí foi Joaquín Compañel (en representación da súa nai, como sinala Varela-Orol) para poñerse á fronte da impresión do *Boletín Oficial de Orense*. E neste obradoiro tamén se publicaría a *Refutación de la reseña histórica de los últimos acontecimientos de Galicia*. É dicir: a resposta como lectura oposta á citada *Reseña histórica...* publicada entre Madrid e Santiago por Juan Do Porto e ditada por Faraldo dende o seu exilio portugués. O curioso é que a segunda parte deste volume fora impresa tamén en Compañel, pero na matriz compostelá, onde situamos a Juan.

A delegación ourensá pecharía contra a primavera de 1847. Joaquín Compañel abandona a cidade<sup>[7]</sup>. A máquina pasou á propiedade dun dos caixistas que fundou a Imprenta Lozano (Soto Freire, 1998: 117). A matriz compostelá, pola súa banda, deixaría de imprimir contra 1851<sup>[8]</sup>. Varela Orol (2021: 539) apunta á falta de renovación tecnolóxica como a causa do peche.

O último libro impreso na capital galega, que coñecemos arestora, titúlase *Monografías de Santiago* (1850), de Antonio Neira de Mosquera. Na relación de subscritores deste volume aparece Juan Compañel Rivas, residente xa en Madrid.

---

[6] Sobre Faraldo vimos de publicar *Querida liberdade. Vida e obra dun precursor do Rexurdimento* (2022, Alvarellos Editora e Deputación da Coruña).

[7] Seguramente Joaquín volveu a Compostela para rematar a carreira de Leis, pois recibiu o grao de bacharel en Xurisprudencia o 7 de xullo de 1848. Pouco despois marcharía a Madrid.

[8] No ano 1851 sae un prospecto da próxima publicación dun libro inédito de Neira de Mosquera titulado *Estudios históricos, políticos y literarios sobre la instrucción pública en España*.

## Os primeiros datos

Juan María de Jesús Compañel Rivas naceu en Santiago de Compostela o 14 de xaneiro de 1829<sup>[9]</sup>. Da súa infancia e formación sabemos apenas o que el mesmo nos conta dende as páxinas d' *El Miño* (núm. 406, 9-III-1861), periódico vigués que dirixía.

Na Universidade de Compostela estudara tres anos as materias de Filosofía, Xurisprudencia e Historia Natural, pero sen licenciarse en ningunha disciplina. Asemade tamén recibiu instrución en materias coma Teoloxía e Linguas Clásicas no Seminario; Química, Mecánica, Música e Debuxo na *Real Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago de Compostela* que abandonou en 1844 (Álvarez Ruiz de Ojeda, 2000: 402-403). É posible que xusto aquí, cos 15 anos andados, xa centrarse o seu tempo na imprenta familiar de Santiago.

Neste período presencia o espertar do provincialismo político, coñece os seus protagonistas e vive en primeira persoa os sucesos revolucionarios de abril do 46. Por outra parte, sitúase no círculo d' *El Liceo de la Juventud* onde estaban os promotores do Rexurdimento pleno: Manuel Murguía, Eduardo Pondal, Aurelio Aguirre, os Rodríguez Seoane ou a propia Rosalía de Castro<sup>[10]</sup>.

En 1850 reside na capital española, como indicamos liñas atrás. Conforme á autobiografía d' *El Miño* dise que “desgracias de familia llevaron al Sr. Compañel a Madrid, a enseñarle ganar el pan con el sudor de la frente”. Descoñecemos a cales se refire. Pero si podemos aventurar que o seu atraque na urbe matritense posibilitou a súa integración na órbita de Eduardo Chao, todo un referente político e intelectual, dirixente republicano e colaborador literario da máis importante imprenta-editorial de España: a casa Gaspar i Roig, fundada en 1845<sup>[11]</sup>.

José Antonio Durán (2000: 72) sostén que Compañel entraría a traballar nesta casa editorial, grazas á intervención de Eduardo Chao. Á vez, e neste caso seguimos a confesión biográfica do propio protagonista que sempre ten o perigo de ser “auto-

---

[9] Serie Libro Sacramental, San Juan Apóstolo. Libro de bautizados 1817-1838. Arquivo Diocesano de Santiago de Compostela.

[10] A irmá máis nova, Peregrina Compañel, compartiría amizade con Rosalía de Castro, segundo unha carta da poeta a Murguía, situada contra 1860: “Ayer fui a paseo con Peregrina Compañel”. Peregrina Compañel faleceu o 1 de maio de 1916 en Rivadulla (Vedra), viúva de Neira.

[11] Eduardo Chao, por exemplo, encargábase dentro de Gaspar i Roig de dirixir a “Biblioteca ilustrada” (de grande éxito) e a “Biblioteca del hombre libre”. Ademais tamén publica, entre outras, *Historia general de España* (1849-1851), como coautor *Los tres reinos de la naturaleza* (1852-1858) e como coordinador o *Diccionario enciclopédico de la lengua española* (1833-55).

corrixida”, proseguiu a súa formación intelectual nas Cátedras do Ateneo de Madrid, na *Sociedad filantrópica Museo Popular* e nas diversas bibliotecas que visitou.

Do que si temos certeza é que Juan Compañel ponse á fronte dunha imprenta en 1855, sita en Jardines 24 e, logo, en Isabel La Católica 4. Dende este obradoiro publicará distintos traballos académicos da *Universidad Central*. Pero o máis notable foron a revista *La Razón*, dirixida polo prometedor e emerxente líder republicano Francisco Pi i Margall, e o considerado un dos primeiros xornais de tendencia abertamente obreirista: *El Eco de la Clase Obrera*<sup>[12]</sup>. Ambas revelan o circuíto polo que deambulaba Compañel durante a súa estada madrileña e como é un espazo concorente co de Eduardo Chao que, insistimos, é fundamental para comprender a vida de destacados galegos na capital, como sucede con Rosalía de Castro.

En todo caso, os anos de Madrid corren a carón dos Chao, sobre todo de Alejandro, os Avendaño e dun Manuel Murguía que se integra na vida bohemia, e algo canalla, do autoproclamado “Comité Borrasca” que mataba as horas nos cafés, parladoiros, veladas culturais e imprentas.

Pero Compañel, un pouquiño máis vello ca eles, vivía grazas ao seu propio traballo. Por iso, cando os progresistas de Vigo, capitaneados por José Ramón Fernández Domínguez, deciden fundar un periódico para confrontar con *Faro de Vigo*, Compañel é chamado á cidade atlántica por proposta do seu amigo Alejandro e protección de Eduardo Chao, malia Juan ser un descoñecido para os políticos vigueses. Mais a confianza nos Chao era total, mesmo porque José R. Fernández era cuñado destes ao casar en 1841 con Concepción Chao e manter unha estreita relación co patriarca, o boticario José María Chao, de transcendente facer cultural, político e científico na cidade de Vigo.

## Vigo, cidade rexurdimentista

A chegada de Juan Compañel a Vigo debeuse a unha decisión do progresismo puro organizado na cidade. Referímonos á tendencia política que xunguía os militantes do Partido Progresista partidarios de pactar cos republicanos do Partido Demócrata, fronte a esoutra tendencia máis morna que prefería o pacto co Partido Moderado.

O grupo vigués tiña por xefe ao citado José Ramón Fernández, “Carballo”. A aparición de *Faro de Vigo* en 1853, ocupando un espazo na nacente esfera pública, e a vitoria progresista na Revolución de 1854 propiciaron a decisión: crear un periódico ao servizo da súa causa política.

---

[12] Imprimiuno a partir do número 7, pois antes saíra da imprenta de A. Martínez. Ademais, Juan Compañel tamén imprimiría un folleto realizado polos tecedores Joaquín Molar e Juan Alsina, dentro do contexto da folga xeral de Cataluña en 1855, considerada como a primeira folga xeral convocada en España.

“Carballo” mercou a imprenta pero non tiña formación técnica. Por iso trouxeon a Compañel á cidade atlántica. Conste, tamén, que a Compañel lle deron a dedo a concesión da publicación do *Boletín Oficial de la Provincia de Pontevedra*, o cal garantía uns ingresos notables.

Axiña aparece o xornal *La Oliva*, no romper de 1856. Compañel encargouse de ser o editor e impresor. Poucos meses despois tamén se encargaría de ser o director. Con el púxose como subtítulo “Periódico de Galicia”. Pero sería censurado e multado en varias ocasións, tras o retorno dos conservadores ao Goberno central (xullo do 56), até ser pechado por orde gobernativa en abril de 1857<sup>[13]</sup>.

Este contratempo foi un breve corte. Días despois aparecía *El Miño* sendo exactamente o mesmo que era *La Oliva*, mantendo Compañel iguais cargos<sup>[14]</sup>. En ambos casos, Manuel Murguía exercería de director literario e Rosalía de Castro sería unha colaboradora máis. Pensemos en *El Álbum de El Miño*, que arranca cun prólogo esencial para coñecer a posición de Compañel con respecto ao seu tempo, que aglutina as voces centrais do Rexurdimento.

Ao longo destes anos Compañel mantería aberta a imprenta pero con cada vez máis dificultades económicas provocadas pola persecución gubernamental. Mesmo chegou a ser preso e xulgado por “injurias y calumnias” contra o alcalde local: “El director del *Miño* se encuentra en la cárcel de Vigo hace algunos días”, lemos no republicano *La Discusión* (núm. 589, 22-VII-1862), con Eduardo Chao no fondo. A sentenza de absolución e liberdade saíu o 13 de novembro dese 1862.

Durante este primeiro período de actividade publicou as primeiras obras de Rosalía: *La hija del mar* (1859), *A mi madre* (1863), *Cantares gallegos* (1863), *Ruinas* (1864); e Murguía: *La primera luz* (1859), *Diccionario de escritores gallegos* (1862). Debemos engadir que en 1860 prevía publicar varias obras preparadas por José Rodríguez Seoane (edicións sobre Sarmiento, Alfonso X O Sabio e outros, ademais da posible publicación dunha gramática histórica da lingua galega)<sup>[15]</sup> e en 1864 tiña pensado nun libro de Eduardo Pondal, como o propio autor lle escribe a Murguía: “Veremos si Compañel publica en todo este verano el volumen de mis poesías” (Ferreiro, 1991: 88).

[13] A Audencia Territorial da Coruña absolvería dos cargos de “desobediencia y desacato a la autoridad” en outubro do 57.

[14] Co cal, dende que comezou a publicarse o 2 de febreiro de 1856 até que saíu o derradeiro número o 30 de abril de 1873, saíran máis de 2000 exemplares. Ao longo de tantísimos números atopamos os nomes dos compañeiros d’*El Liceo de la Juventud* e doutros escritores comprometidos co espertar político-cultural galego. Porén só conservamos uns centos de exemplares. Unha vizosa crónica da nosa historia rexurdimentista continúa hoxe perdida.

[15] Juan Compañel, á morte temperá de José Rodríguez Seoane, escribelle unha necrolóxica sentida en *El Miño* (núm. 352, 1-IX-1860), onde alude a estas obras vencelladas á lingua galega.

A carón desta actividade debemos destacar a súa participación social en Vigo: membro da Milicia Nacional, socio-fundador d' *El Recreo Artístico e Industrial de la Ciudad de Vigo*, accionista-fundador da papeleira La Cristina (sita na ribeira do Lagares en terras de Lavadores), accionista-fundador do Banco de Vigo, socio do Casino de Vigo... Ademais, no ano dos *Cantares* (1863) casa con Emilia Chao Fernández (irmá de Alejandro e Eduardo), coa cal terá varios fillos.

Compañel, seguramente en connivencia con Murguía, muda en 1863 o subtítulo d' *El Miño* para poñer "Todo por Galicia. Toda para Galicia", recollendo así o lema que Faraldo plasmara en *El Porvenir*. Todo un simbólico que establece unha liña secuencial da construción do discurso nacional, do esforzo de dúas xeracións consecutivas para conformar o imaxinario nacional colectivo.

A imprenta pasou anos difíciles, con multas e censuras que asfixiaban o proxecto (en 1867 e 1868 recóllense denuncias contra Compañel por impagos). Moitas veces José Ramón Fernández (tamén cuñado del) encargouse de pagar as débedas. Porque o periódico era unha aposta do progresismo puro local, e nunca se desentenderon deste compromiso.

## Da Gloriosa á marcha a Cuba

O triunfo revolucionario de 1868 supuxo ledicia entre os progresistas e republicanos vigueses. O propio Eduardo Chao participara de maneira activa, intensa e protagónica na conspiración que levou á Gloriosa.

Compañel, á calor desta revolución, recupera o título de *La Oliva* pero mantén a numeración d' *El Miño*: malia os anos de represión eles seguían a ser os mesmos de 1856.

Coa República de 1873 Juan Compañel abandona o periódico para asumir o cargo de delegado de Fomento na provincia de Ourense, cando á fronte deste ministerio estaba o seu cuñado Eduardo Chao. Isto provoca a fin de *La Oliva* malia non a fin do proxecto.

A imprenta foi mercada por Miguel Fernández Dios en acta notarial do 20 de abril de 1873. E nacerá entón *La Concordia*, primeiro diario na historia da prensa galega. Moitos anos despois, os donos d' *El Pueblo Gallego* mercarían *La Concordia* para que un fose matutino e o outro vespertino. Ao final fundíronse no primeiro convertido xa no principal xornal do republicanismo galego onde colaborou o máis nutrido da intelectualidade do seu tempo. E a *El Pueblo Gallego* matárono cos fusís feixistas de 1936.

En todo caso, coa queda da República tras o golpe militar de 1874, Juan Compañel decide marchar a Cuba. Alí colaborará coa imprenta e editorial que Alejandro Chao fundara na Habana, La Propaganda Literaria, responsable da aparición de *Follas novas* de Rosalía.



Tanto Juan coma o seu irmán Joaquín participarán nas páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana*, dirixida dende Madrid por Murguía e editada por Alejandro Chao dende A Habana. De novo un proxecto compartido entre a familia Chao e os Murguía de Castro.

Ademais, Juan Compañel tamén tivo negocios doutro tipo (por exemplo, unha fábrica de xabón en Cienfuegos), traballou na administración de Correos en Cienfuegos e mantivo a vida xornalística. Sabemos que fundou varios periódicos dos cales foi director (*Diario de Cárdenas*, *La Lealtad* de Cienfuegos ou *La Unión* de Colón) adoptando unha postura contraria á loita arredista dos *mambís*.

O 23 de decembro de 1879 constitúese a *Sociedad de Beneficiencia de los Naturales de Galicia* en Cárdenas. O seu primeiro presidente será Juan Compañel, como anuncian dende as páxinas de *La Ilustración Gallega y Asturiana* (núm, 5, 18-II-1880). Entre os nomes da directiva aparece Andrés María Cisneros, que é posible se trate en realidade do fotógrafo Andrés Marcelino Cisneros, o autor do único retrato que temos do noso protagonista<sup>[16]</sup>.

Cando Juan Compañel era secretario do concello de La Catalina de Güines, e tras visitar Galiza e en particular Vigo en distintas ocasións desque marchara, morreu o 1 de novembro de 1897.

## A descendencia

O alento comprometido con Galiza de Juan chegou até os seus fillos. Un deles, Juan Compañel Chao, foi membro da directiva do poderoso Centro Galego da Habana. O outro, Francisco Compañel Chao, foi bibliotecario desta mesma institución, membro da directiva (canda Xosé Fontenla Leal) da sección de instrución, delegado de *Vida Gallega* en Cuba, secretario de *Solidaridad Pontevedresa* e un contribuínte máis para a compra da casa natal de Curros Enríquez en Celanova.

A viúva, Emilia Chao Fernández, morrería en Vigo en 1922. E aquí na cidade quedaría, tras a prematura morte de Emilia Compañel Chao en Vigo polo mes de agosto de 1890, unha soa filla chamada María Compañel Chao. Mais dela non temos información nin coñecemento. Nada sabemos se na cidade viguesa quedaron descendentes, ou cal foi a última residencia, ou sequera se o fondo da familia está no rocho dalgunha vivenda na cal os seus residentes ignoran a relevante vida de Juan Compañel Rivas.

---

[16] Carlos Castelao, especialista en Andrés Marcelino Cisneros, explícanos que en varias ocasións a prensa interpretaba erroneamente o “M.” do nome de Andrés M. Cisneros, pois o tomaba por “María” cando en realidade era “Marcelino”. Este sería un caso pero debemos tomar esta información con cautela. Ademais coincide que o pioneiro fotógrafo compostelán residiu en Cárdenas durante este preciso período.

## Posdata. A controversia do retrato

Ao pouco de publicarse a fotografía de Juan Compañel en *Faro de Vigo* (19-IV-2022) aparecía, na web da Real Academia Galega, un artigo asinado por Henrique Monteagudo titulado “Compañel ou Vicetto?”.

Neste texto explicaba que no arquivo da centenaria institución xa existía unha copia da fotografía, malia estar recortada con respecto á orixinal e sen grafía de ningún tipo. En realidade tiña unha, é certo: a letra repasada con bolígrafo de Juan Naya (quen doou a foto á RAG) na cal puña “Benito Vicetto”.

Esta identificación, ao carón do razoable parecido físico entre Compañel e outras fotos ou litografías de Vicetto que se conservan, conduciron a unha cordial polémica: realmente é Juan Compañel?

Nós non temos dúbida: si, é Juan Compañel. Porque, ademais dos argumentos que imos citar deseguido, a tese que cuestiona esta identidade baseándose na identificación de Naya é feble. Primeiro, porque Naya non é unha fonte fiable<sup>[17]</sup>; segundo, porque non é coetáneo nin de Vicetto nin de Compañel (o que podería ter facilitado, pola súa parte, a correcta identificación). A impresión é que Juan Naya se baseou no “parecido razoable”, como Monteagudo secunda.

Non hai dúbida da semellanza de ambas figuras pero ao entrar no detalle se aprecian evidentes diferenzas: os ollos e a mirada, o nariz, os beizos, a mandíbula... É unha cuestión subxectiva sobre a cal non imos entrar. Depende dos ollos que a miren.

Pero, sobre todo, o argumento do “parecido razoable” descansa, precisamente, sobre esta impresión subxectiva. Nós, como veremos, poñemos enriba da mesa datos obxectivos.

1. A fotografía completa contén unha dedicatoria manuscrita realizada polo autor, o fotógrafo compostelán Andrés Marcelino de Cisneros: “A. M. de Cisneros fot. y l. d. á su amigo y paisano D. J. Compañel 1857”. Se Vicetto fose o da foto, que explicación ten a dedicatoria a Juan Compañel?
2. A fotografía completa ten un manuscrito a tinta por detrás: “Hecho en Vigo el año 1857 antes de salir La Habana”. Con certeza, Juan Compañel residía na cidade de Vigo dende finais de 1855. Vicetto residía dende febreiro de 1857 en Badajoz. Ademais, non consta que residise nunca de maneira continuada en Vigo. Se Vicetto fose o da foto, que explicación ten a localización en Vigo?
3. Outra información tomada do reverso da foto: “antes de salir La Habana”. Refírese á marcha de Alejandro Chao á illa de Cuba tras unha forte disputa familiar. É a el

---

[17] Nesta mesma revista publicouse o traballo de Diego Rodríguez González, “A letra de Rosalía: bases para a súa identificación” (núm. 2, 2017).

a quen Juan Compañel entrega o seu retrato. A amizade dos tempos de Madrid e o traballo intenso entre ambos en *La Oliva-El Miño* (sobre eles recaía o grosso do xornal), así como a posterior relación familiar (foron cuñados), derivou nunha relación firme, cercana e continuada no tempo. Se Vicetto fose o da foto, que explicación tería que Alejandro Chao leve a foto consigo á Habana antes da súa partida dende Vigo se non consta entre Alejandro e Vicetto ningún tipo de relación persoal e nin tan sequera epistolar nin nada que os una dunha ou doutra maneira?

4. A fotografía completa, por último, apareceu no álbum familiar dos herdeiros de Alejandro Chao. Nos varios álbums que posúen os descendentes non hai máis ca fotografías da familia. Non hai nada alleo a eles, nin retratos de músicos, nin pintores, nin escritores. Se Vicetto fose o da foto, que explicación tería que aparecese no álbum familiar?

Estes catro argumentos baséanse en datos obxectivos. A ningún dos catro se atopou explicación nin réplica de ningún tipo para favorecer a tese que identifica a Vicetto. Nada se negou porque é unha evidencia que non se poden negar. Hai interpretación alternativa á cal demos? Se non a hai, debemos tomar por certo que a fotografía, o retrato dese home, se corresponde con Juan Compañel.

Un principio científico sostén que unha hipótese tense que tomar por certa mentres non se demostre o contrario. Nós cremos que os catro citados argumentos son suficientes para negar o nome de Vicetto e poñer o de Juan Compañel Rivas á foto de corpo enteiro. E cremos que a Real Academia Galega deba identificalo como tal porque nada nos fai pensar que sexa Benito Vicetto agás o subxectivo e discutible “parecido razoable”.

## BIBLIOGRAFÍA

Álvarez Ruiz de Ojeda, V. (2000): “Manuel Murguía e a Sociedade Económica de Amigos do País de Santiago”, en *Grial*, núm. 147, pp. 399-429.

Barreiro Fernández, X. R. e Odriozola R. (1992): *Historia de la imprenta en Galicia*. Biblioteca Gallega: A Coruña.

Durán, J. A. (2000): *Murguía, 1833-1923*. Taller de Ediciones J. A. Durán: Madrid.

Ferreiro, M. (1991): *Pondal. Do dandismo á loucura*. Laiovento: Compostela.

Martínez González, X. (2012): “Juan Compañel Rivas (1829-1897). Alén do editor do Rexurdimento”, en *Grial*, núm. 195, pp. 106-177.

\_\_\_\_\_ (2014): “Juan Compañel Rivas. Un editor con conciencia de Galiza”, en *Rosalía de Castro no século XII. Unha nova ollada*. Consello da Cultura Galega: Compostela, pp. 435-448.

\_\_\_\_\_ (2018): “A estirpe dos Chao no Rexurdimento”, en *Glaucopis*, núm. 23, pp. 349-370.

Soto Freire, M. (1998): *La imprenta en Galicia*: Xunta de Galicia. Compostela.

Varela-Orol, C. (2021): “La librería compostelana de Francisco Compañel y Jacoba Rivas”, en *Cuadernos de Ilustración y Romanticismo*, núm. 27, pp. 535-559.



Publicamos este sexto número de *Follas Novas*  
grazas ao patrocinio do Concello de Arteixo

# Arteixo



A Matanza  
15917 Padrón  
+34 981 811 204

[www.rosalia.gal](http://www.rosalia.gal)

FUNDACIÓN  
ROSALÍA DE CASTRO